



Sr. Conselleiro  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e  
Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN,

## EXPÓN:

1. Que Galicia padece na actualidade unha situación extraordinaria como consecuencia da sequía e dos incendios forestais, principalmente na provincia de Ourense, na de Lugo e no sur de Pontevedra.
2. Que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que "*Non se poderá clasificar ou reclasificar como solo urbanizable o solo rústico que sufrise os efectos dun incendio forestal a partir da entrada en vigor desta lei ou nos cinco anos anteriores a ela, agás autorización expresa do Consello da Xunta de Galicia e na forma que regulamentariamente se determine*" (artigo 95.1).

Polo que, ó abeiro da lexislación europea (Directiva 2003/4/CE), española (Lei 38/1995 e Lei 27/2006) e galega (Lei 1/1995) que regulan o dereito de acceso á información sobre o medio ambiente,

## SOLICITA

Información das medidas que no exercicio das súas competencias e obrigas legais, puxo en marcha a Consellería que vostede preside para o control, vixilancia e seguemento das zonas afectadas a fin de asegurar o cumprimento da Lei 9/2002.

En Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2011

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto